



Renovación parcial Consello Escolar 2020-2022 (aprazado 2021-2022)

Reunida o 4 de novembro a xunta electoral, faise público o calendario para a renovación parcial do consello escolar.

Neste instituto o consello escolar está composto pola directora, xefe de estudos e secretaria, 4 representantes do alumnado, 1 representante do concello, 1 representante do persoal non docente e 2 representantes das familias, un representante da anpa e 7 representantes do profesorado.

O Consello Escolar permite a participación dos diferentes estamentos nas decisións que afectan aos aspectos máis relevantes do centro. Neste órgano de goberno están representados o alumnado, as familias e o persoal do centro, polo que é de suma importancia a presenza de representantes de todos estes estamentos da comunidade educativa.

Segundo a resolución do 20 de setembro de 2021, neste mes de novembro realizarase a renovación parcial de dito órgano, según se especifica na seguinte táboa:

Estamentos	Membros a renovar
Alumnado	2
Familias	2
Persoal non docente	1
Profesorado	4

Infórmase que co obxecto de manter os períodos de renovación, os membros do consello escolar elixidos conforme o proceso adiado no curso 2020-2021, serán nomeados por un período de tres cursos escolares.

Para a presentación de candidaturas temos as papeletas a disposición de todas as persoas interesadas na Conserxería e deben presentarse na Secretaría do Centro en horario de 10:00 a 13:30 entre os días 9 a 16 de novembro, ambos incluídos.

Dende a dirección do Instituto queremos animar a todos a participar, presentando candidaturas e votando na data sinalada no calendario, porque estamos convencidos de que a calidade educativa só se potencia se todos participamos na xestión.

A directora,

Rosa Mª Gómez Cerderra